



Concello de Gondomar

RESOLUCIÓN

EXP.- 420.18

ASUNTO.- APROBACIÓN DA PROPOSTA MOTIVADA DE INICIO DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DO PLAN DE MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE DO CONCELLO DE GONDOMAR.

Vista a proposta da Concelleira delegada de 28.6.2018 de inicio motivado do expediente de contratación que consta no expediente e, cuxo teor literal é o seguinte.-

“VISTO o informe do arquitecto municipal de data 13.2.2018, xustificativo da necesidade da contratación referenciada no asunto de cabeceira e de que a súa execución debe levarse a cabo por persoal cualificado.

VISTO o informe do arquitecto municipal de data 11.6.2018, polo que se xustifica a non divisibilidade do contrato en lotes.

VISTA a Providencia da Alcaldía do 18.2.2018 complementada por outra de data 18.6.2018, xustificando a necesidade da contratación proposta, o procedemento e forma de adxudicación, o prezo do contrato e o seu prazo de duración.

RESULTANDO que, segundo o disposto no artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).- *“La celebración de contratos por parte de las Administraciones Públicas requerirá la previa tramitación del correspondiente expediente, que se iniciará por el órgano de contratación motivando la necesidad del contrato en los términos previstos en el artículo 28 de esta Ley y que deberá ser publicado en el perfil de contratante”.*

Resultando que, de acordo coa Dad. 2ª do Rd. 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido a lei de contratos do sector público é competencia da alcaldía a adopción do presente acordo.

Resultando que, o artigo 116 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, atribúe ao órgano de contratación a aprobación o inicio motivado da necesidade do contrato.

Resultando que, no Concello de Gondomar as competencias da alcaldía en materia de contratación están delegadas na Xunta de Goberno Local a medio de Decreto do 21.7.2015 (BOP. nº151 do 7.8.2015).

Visto que o artigo 10.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, dispón que.- *“Los órganos superiores podrán avocar para sí el conocimiento de uno o varios asuntos cuya resolución corresponda ordinariamente o por delegación a sus órganos administrativos dependientes, cuando circunstancias de índole técnica, económica, social, jurídica o territorial lo hagan conveniente.*

En los supuestos de delegación de competencias en órganos no dependientes jerárquicamente, el conocimiento de un asunto podrá ser avocado únicamente por el órgano delegante”.

De conformidade co disposto anteriormente por razóns de índole técnica estímase axeitado avocar a competencia da Xunta de Goberno Local para

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 Pontevedra. Tfno. 986360125. Fax: 986360875



Concello de Gondomar

aprobar o inicio motivado da necesidade da contratación do servizo de redacción do plan de mobilidade urbana sostible do Concello de Gondomar, polo que,

RESOLVO,

Primeiro.- Avocar a competencia da Xunta de Goberno Local, con carácter singular, para a adopción do presente acto.

Segundo.- Iniciar o expediente de contratación coa motivación recollida nos informes do arquitecto municipal de datas 13.2.2018 e 11.6.2018 e na Providencia da alcaldía do 18.2.2018 complementada por outra de data 18.6.2018 que constan no expediente e ordenar a publicación de dita documentación no perfil do contratante municipal, en cumprimento do disposto no artigo 116 da LCSP.

Contra a resolución de avocación non cabe recurso, de acordo co disposto no artigo 10.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

GONDOMAR
O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL,
(sinatura electrónica á marxe)

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 Pontevedra. Tfno. 986360125. Fax: 986360875